

CONCRECIÓN ANUAL PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

CURSO 2025 - 2026



I.E.S. ANTÓN ALONSO RÍOS
TOMIÑO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. ANÁLISE E VALORACIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NO CURSO ANTERIOR	4
3. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2025-2026	5
4. HORARIO DAS REUNIÓN DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO-TITOR COA XEFATURA DE ESTUDOS E A ORIENTADORA DO CENTRO	7
5. RELACIÓN DO PROFESORADO-TITOR PARA O PRESENTE CURSO ESCOLAR	8
6. MELLORA DO RENDEMENTO ACADÉMICO NA ESO	9
7. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN ANUAL	10
8. PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PARA O CURSO 2025 – 2026	13
9. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN	30

1. INTRODUCCIÓN

A tutoría, como actividade inherente á función docente, realízase ao longo de todo o proceso educativo, de xeito individual ou colectivo, coa finalidade de que o alumno/a mellore o seu rendemento académico, solucione as súas dificultades escolares e consiga hábitos de traballo e de estudo, de reflexión e de convivencia social que garantan o uso adecuado da liberdade responsable e participativa.

Sabemos que o profesorado é o responsable directo da labor tutorial desempeñando o papel de mediador entre o alumnado, o equipo docente e as familias, cunhas tarefas específicas reguladas pola normativa. Ao mesmo tempo, o Departamento de Orientación constitúe o órgano que impulsa ese traballo, asesora, axuda a estruturar e organizar as actuacións e coordina ao profesorado tutor.

De acordo coa LOMLOE (2020), o desenvolvemento da acción educativa nas diferentes áreas cobre un amplo espectro dos contidos que se traballarán na Educación Secundaria, pero debemos coidar o desenvolvemento de temas tan relevantes para o logro dunha educación integral da persoa como a educación en valores, aprender a aprender, o autocoñecemento e o autocontrol, a resolución de problemas, a convivencia, a toma de decisións,... Isto só se consegue a través da labor orientadora e de apoio de todo o equipo docente. Neste sentido, o Plan de Acción Titorial (PAT) é a resposta que, de modo sistemático e intencional, leva a cabo o centro para poder concretar dita orientación educativa.

2. ANÁLISE E VALORACIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NO CURSO ANTERIOR.

Tendo en conta a memoria do Plan Anual do Departamento de Orientación do curso pasado, detectáronse as seguintes necesidades en canto á acción tutorial:

A. NECESIDADES ORGANIZATIVAS E DE COORDINACIÓN:

- ♦ Asegurar que a acción tutorial sexa parte da actividade docente: implicar ao profesorado.
- ♦ Inserir os aspectos básicos da acción tutorial coa planificación de actividades do plan de convivencia e co PXAD.

B. NECESIDADES DO PROFESORADO:

- ♦ Dispoñer dun banco de recursos de actividades para levar a cabo a acción tutorial.
- ♦ Formación e acompañamento en tarefas relacionadas coa cohesión grupal.
- ♦ Acompañamento nas entrevistas coas familias ou alumnado que requiran coñecementos específicos pola súa particularidade.

C. NECESIDADES DO ALUMNADO:

- ♦ Optimizar as técnicas e hábitos de estudo.
- ♦ Mellorar a toma de decisións e solución de problemas,
- ♦ Fomentar un uso responsable das TIC.
- ♦ Construírse en autonomía e responsabilidade.

D. NECESIDADES DAS FAMILIAS:

- ♦ Colaborar co centro no proceso de madurez das crianzas.
- ♦ Participar e comprometerse coas actuacións do centro.

E. NECESIDADES COAS ENTIDADES EXTERNAS:

- ♦ Diseñar accións de colaboración coas entidades que participan na educación do alumnado.

3. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2025-2026

Os obxectivos para o presente curso escolar son os seguintes:

Obxectivo 1: Fortalecer a coordinación e implicación do profesorado na acción tutorial, integrando o PAT co Plan de Convivencia e o PXAD.	
Acción 1	Reunións semanais de coordinación entre titores, xefatura de estudos e orientación.
Indicador/es	Porcentaxe de reunións realizadas / informes de coordinación entregados.
Criterio de aceptación	Realízase o 90 % das reunións programadas.
Temporalización	Set ☒ Out ☒ Nov ☒ Dec ☒ Xan ☒ Feb ☒ Mar ☒ Abr ☒ Maio ☒ Xuño ☒ Xullo ☐
Responsable	Xefatura de estudos / Orientadora / Titores.
Recursos/materiais	Actas de reunión, PAT, PXAD, Plan de Convivencia e Benestar.
Acción 2	Integración das actividades do PAT coas liñas do Plan de Convivencia e PXAD
Indicador/es	Nº de actividades conxuntas desenvolvidas / grao de participación do profesorado.
Criterio de aceptación	Polo menos unha actividade trimestral integrada e participación do 80 % do profesorado titor.
Temporalización	Set ☐ Out ☒ Nov ☐ Dec ☐ Xan ☒ Feb ☐ Mar ☐ Abr ☒ Maio ☐ Xuño ☐ Xullo ☐
Responsable	Departamento de Orientación / Coordinadora de Convivencia e Benestar.
Recursos/materiais	Documentos institucionais (PAT, PXAD, Plan de Convivencia e Benestar), materiais de aula, reunións de coordinación.

Obxectivo 2: Mellorar a formación, acompañamento e dispoñibilidade de recursos do profesorado titor.	
Acción 1	Actualización do banco común de recursos para a acción tutorial.
Indicador/es	Banco de recursos operativo e actualizado na aula virtual do centro.
Criterio de aceptación	O 90 % dos titores acceden e empregan o banco polo menos unha vez ao trimestre.
Temporalización	Set ☐ Out ☒ Nov ☒ Dec ☒ Xan ☒ Feb ☒ Mar ☐ Abr ☐ Maio ☐ Xuño ☐ Xullo ☐
Responsable	Orientadora e profesorado-titor.
Recursos/materiais	Aula virtual do IES.
Acción 2	Formación do profesorado (PFPP) en materia de benestar emocional e convivencia
Indicador/es	Nº de sesións formativas realizadas / valoración do profesorado.
Criterio de aceptación	Realízanse polo menos 2 sesións formativas cunha valoración media $\geq 4/5$.
Temporalización	Set ☐ Out ☐ Nov ☐ Dec ☐ Xan ☒ Feb ☒ Mar ☒ Abr ☐ Maio ☐ Xuño ☐ Xullo ☐
Responsable	Coordinadora de Convivencia e Benestar.
Recursos/materiais	Documentación entregada durante o PFPP.

Obxectivo 3: Favorecer o desenvolvemento persoal e académico do alumnado (técnicas de estudo, autonomía, responsabilidade e uso responsable das TIC).	
Acción 1	Obradoiros de técnicas de estudo e xestión do tempo mps grupos da ESO.
Indicador/es	Nº de obradoiros realizados / participación do alumnado.
Criterio de	Realízase un mínimo dun obradoiro por nivel da ESO cunha asistencia ≥ 90 %.

aceptación	
Temporalización	Set ☐ Out ☐ Nov ☒ Dec ☐ Xan ☒ Feb ☐ Mar ☐ Abr ☒ Maio ☐ Xuño ☐ Xullo ☐
Responsable	Orientadora e profesorado-titor.
Recursos/materiais	Materiais sobre técnicas de estudo (aula virtual).
Acción 2	Actividades de sensibilización sobre uso responsable das TIC.
Indicador/es	Nº de actividades realizadas / grao de coñecemento adquirido.
Criterio de aceptación	O alumnado identifica 3 boas prácticas TIC en enquisas posteriores.
Temporalización	Set ☐ Out ☐ Nov ☐ Dec ☐ Xan ☐ Feb ☐ Mar ☐ Abr ☒ Maio ☒ Xuño ☒ Xullo ☐
Responsable	Coordinadora do Plan Dixital.
Recursos/materiais	Plan Director e materiais do repositorio da aula virtual.

Obxectivo 4: Impulsar a participación activa das familias no proceso educativo e na vida do centro.

Acción 1	Charlas/obradoiros de orientación familiar en colaboración con entidades externas.
Indicador/es	Nº de charlas realizadas / valoración das familias.
Criterio de aceptación	Realízase polo menos unha actividade por trimestre cunha valoración media $\geq 4/5$.
Temporalización	Set ☐ Out ☐ Nov ☒ Dec ☐ Xan ☐ Feb ☒ Mar ☐ Abr ☐ Maio ☒ Xuño ☐ Xullo ☐
Responsable	Equipo directivo e ANPA.
Recursos/materiais	Materiais empregados durante os obradoiros e as charlas.

Obxectivo 5: Potenciar a colaboración coas entidades/axentes externos para enriquecer o desenvolvemento integral do alumnado.

Acción 1	Programar obradoiros e charlas con axentes externos (Plan Director, Érguete, Quérote+, etc.).
Indicador/es	Nº de obradoiros realizados / asistencia e satisfacción do alumnado.
Criterio de aceptación	Realízase polo menos unha actividade trimestral por nivel con asistencia ≥ 90 %.
Temporalización	Set ☐ Out ☒ Nov ☒ Dec ☒ Xan ☒ Feb ☒ Mar ☒ Abr ☒ Maio ☒ Xuño ☒ Xullo ☐
Responsable	Vicedirección, Orientadora, profesorado-titor e entidades externas.
Recursos/materiais	Materiais das entidades colaboradoras, espazos do centro.
Acción 2	Participación do alumnado en programas de educación ambiental (FP Básica).
Indicador/es	Nº de grupos participantes / impacto das accións.
Criterio de aceptación	Realízase polo menos unha actividade con asistencia ≥ 90 %.
Temporalización	Set ☐ Out ☒ Nov ☒ Dec ☐ Xan ☐ Feb ☐ Mar ☐ Abr ☐ Maio ☐ Xuño ☐ Xullo ☐
Responsable	Vicedirección, profesorado de FP Básica e entidade externa.
Recursos/materiais	Material da entidade colaboradora.

4. HORARIO DAS REUNIÓN S DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO-TITOR COA XEFATURA DE ESTUDOS E A ORIENTADORA DO CENTRO

Para levar a cabo unha boa coordinación entre o profesorado-titor, a xefatura de estudos e a orientadora do centro, levaranse a cabo reunións semanais por cada nivel:

Nº Sesión	Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	9:00 - 9:50				Reunión titores 4º ESO	
2ª	9:50 - 10:40					
3ª	10:40 - 11:30			Reunión titores FP Básica		
RECREO						
4ª	12:00 - 12:50	Reunión titores 3º ESO	Reunión titores 1º BAC			
5ª	12:50 - 13:40		Reunión titores 1º ESO			
6ª	13:40 - 14:30		Reunión titores 2º BAC	Reunión titores 2º ESO		
7ª	16:30 - 17:20					
8ª	17:20 - 18:10					

5. RELACIÓN DO PROFESORADO-TITOR PARA O PRESENTE CURSO ESCOLAR

No presente curso escolar 2025 – 2026, contamos co seguinte profesorado-titor por cada grupo e nivel:

NIVEL	GRUPO	TITOR/A
1º ESO	1º A	Elisa Guerreiro
	1º B	Juan Rodríguez
	1º C	Sara Núñez
	1º D	Mª Jesús Rey
	1º E	Estela Fernández
2º ESO	2º A	Laura Lago
	2º B	Natalia da Cruz
	2º C	Jorge Pérez
	2º D	Raquel Corchero
	2º E	Santiago Buján
3º ESO	3º A	Bruno Méndez
	3º B	Rodrigo Santiago
	3º C	Alejandra Costa
	3º D	Xaime Suárez
4º ESO	4º A	Pedro Costas
	4º B	Yolanda Martínez
	4º C	Jose Manuel Dopazo
	4º D	Nerea Vergara
1º BAC	1º A	Nuria Fernández
	1º B	Marta Polo
2º BAC	2º A	Ana Luna
	2º B	Mª de la Cruz Rivas
FP Básica	1º Electrónica	Laura López
	2º Electrónica	Santiago Martínez
	1º Agroxardinería	Carmen Burés
	2º Agroxardinería	Uxío Mete
Ciclo Medio de FP	1º Forestais	Amalia Vicente
	2º Forestais	Perfecto Davila González
	1º Instalacións	Adolfo Canabal
	2º Instalacións	Claudino Blanco

6. MELLORA DO RENDEMENTO ACADÉMICO NA ESO

Para a mellora do rendemento académico do alumnado da ESO, por parte de todos os departamentos do centro, chegouse a unha serie de acordos:

Acordos de etapa:

- Sobre as probas escritas:
 - Establecer un formato común (encabezado).
 - As probas escritas ou parciais cun peso significativo na cualificación final deberán facerse en formato físico, a excepción daquelas materias que pola súa natureza deban facerse en formato dixital.
 - Todas as probas deberán incluír cuestións que fomenten a lectoescritura e a produción escrita (delimitacións das características por niveis).
 - As probas deberán incluír unha cuestión de razoamento/análise/interpretación (delimitacións das características por niveis).
- Sobre as tarefas:
 - Fomentar o deseño de tarefas que fomenten a lectoescritura e a produción escrita (priorizar a realización na aula).
 - Diseñar actividades que impliquen o razoamento/análise/interpretación.

Acordos por nivel:

- Establecemento de obxectivos prioritarios por nivel para a mellora das destrezas do alumnado:
 - 1ºESO: Mellorar a organización e as técnicas de estudo.
 - 2ºESO: Mellorar as técnicas de estudo e a produción escrita.
 - 3ºESO: Mellorar a produción escrita e a análise.
 - 4ºESO: Mellorar a análise e o razoamento/interpretación.
- Cada obxectivo concretarase en tarefas, actividades e probas escritas desenvolvidas polas diferentes materias nas que de xeito directo ou indirecto afondarán nas competencias indicadas.
- Os devanditos obxectivos poderán ser concretados en reunións dos equipos docentes ao inicio de curso.

7. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN ANUAL

Para acadar os obxectivos do Plan de Acción Tutorial do centro, levaranse a cabo unha serie de actuacións e aplicaranse unha serie de recursos seguindo o seguinte cronograma xeral para todos os grupos-niveis:

SETEMBRO		
CONTIDOS	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1. Tarefas de xestión da Tutoría	Recadar información do alumnado.	Historial académico, informes de avaliación individualizado de anos anteriores, ...
	Coñecer as funcións e aplicar os procedementos habituais da labor tutorial (controlar o absentismo, funcionamento do XADE ...)	Lectura do PAT. Protocolos e anexos de publicados pola Consellería de Educación.
	Reunión coas familias.	Instrucións do Equipo Directivo. Díptico informativo.
2. Actuacións Individuais	Empezar a realizar entrevistas individuais a alumnado e familias.	Actividades de acollida. Normas de aula. Contrato de dereitos e deberes.
3. Actuacións grupais co alumnado	Actividades de acollida e integración co grupo na hora semanal de tutoría. Normas de funcionamento do centro e establecemento de normas de aula.	Informes de anos anteriores
4. Tarefas de coordinación académica	Revisión e distribución definitiva de alumnos segundo medidas educativas.	
OUTUBRO		
CONTIDOS	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1. Tarefas de xestión da tutoría	Facer o seguimento e control do absentismo escolar mensualmente.	Programa XADE.
2. Actuacións individuais	Realización de entrevistas individuais coas familias e co alumnado.	Informes XADE e Abalar.
3. Actuacións grupais co alumnado	Enquisa de recollida de datos iniciais	Cuestionario persoal inicial.
	Elección de Delegado/a.	Actividade e acta de elección de delegada/o.
	Programar a intervención directa de axentes externos na ESO.	
4. Actuacións grupais coas familias	Realización de dinámicas, co asesoramento do dpto de orientación.	Materias do dpto. de orientación
5. Tarefas de coordinación académica	Protocolos de actuación para alumnado con NEAE.	Pautas xerais recollidas no PXAD.
	Preparar e dirixir a sesión de Avaliación Inicial.	Preparar e dirixir a sesión de Avaliación Inicial.
	Reunións co equipo docente para a elaboración das ACS	
NOVEMBRO		
CONTIDOS	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1. Tarefas de xestión da tutoría	Seguimento do absentismo.	XADE.

2. Actuacións individuais	Realización de entrevistas individuais coas familias e co alumnado.	Informes XADE e Abalar.
3. Actuacións grupais co alumnado	Realización de dinámicas, co asesoramento do dpto de orientación.	Materias do dpto. de orientación
	Implementación de obradoiros dos axentes externos.	
	Preavaliación.	Actividade de preavaliación
4. Tarefas de coordinación académica	Coordinación co equipo docente para facer un seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade.	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos para estas/es estudantes. PXAD.
DECEMBRO		
CONTIDOS	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1. Tarefas de xestión da tutoría	Seguimento do absentismo.	XADE.
2. Actuacións individuais	Realización de entrevistas individuais coas familias e co alumnado.	Informes XADE e Abalar.
3. Actuacións grupais co alumnado	Realización de dinámicas, co asesoramento do dpto de orientación.	Materias do dpto. de orientación
4. Tarefas de coordinación académica	Sesións de avaliación.	Actas da 1ª avaliación. Estatísticas.
XANEIRO – FEBREIRO		
CONTIDOS	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1. Tarefas de xestión da tutoría	Seguimento do absentismo.	XADE.
2. Actuacións individuais	Realización de entrevistas individuais coas familias e con estudantes.	Informes XADE e Abalar.
3. Actuacións grupais co alumnado	Realización de dinámicas, co asesoramento do dpto de orientación.	Materias do dpto. de orientación
	Implementación de obradoiros dos axentes externos na ESO.	
4. Tarefas de coordinación académica	Coordinación co equipo docente para facer un seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade.	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos para estas/es estudantes. PXAD.
MARZO – ABRIL		
CONTIDOS	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1. Tarefas de xestión da tutoría	Seguimento do absentismo.	XADE.
2. Actuacións individuais	Realización de entrevistas individuais coas familias e con estudantes.	Informes XADE e Abalar.
3. Actuacións grupais co alumnado	Realización de dinámicas, co asesoramento do dpto de orientación.	Materiais elaborados polo dpto. de orientación.

	Accións relacionadas coa orientación académica: itinerarios académicos acordados cos intereses profesionais.	
	Preavaliación.	Actividade de preavaliación
4. Actuacións grupais coas familias	Accións para dar a coñecer ás familias as características e organización de etapas posteriores.	Charlas do/a orientador/a.
5. Tarefas de coordinación académica	Coordinación co equipo docente para facer un seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade.	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos para estes/as estudantes.
	Sesión de avaliación.	Actas da 2ª avaliación. Estatísticas.
MAIO – XUÑO		
CONTIDOS	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1. Tarefas de xestión da tutoría	Seguimento do absentismo.	XADE.
2. Actuacións individuais	Accións relacionadas coa orientación académica: itinerarios académicos acordados cos intereses profesionais.	Charlas individuais.
3. Actuacións grupais co alumnado	Continuar coa orientación académica profesional.	Materias do dpto. de orientación
	Realización de dinámicas, co asesoramento do dpto de orientación.	
4. Actuacións grupais con familias	Reunión coas familias do alumnado.	
5. Tarefas de coordinación académica	Coordinación co equipo docente para facer un seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade.	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos para estes alumnos.
	Sesión de avaliación final ordinaria e análise de resultados: BAC e 1º FPB.	Actas da 3ª avaliación. Estatísticas.
FINAIS DE XUÑO		
CONTIDOS	ACTUACIÓNS	RECURSOS
1. Tarefas de coordinación académica	Sesión de avaliación final na ESO.	
	Sesión de avaliación extraordinaria en BAC e FPB.	Actas da avaliación. Estatísticas.
	De ser o caso, proposta de alumnado para FP Básica.	Normativa que regula a FP Básica.
2. Actuacións individuais	Elaboración dos informes individualizados de cada alumno/a.	Informe modelo.

8. PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PARA O CURSO 2025 – 2026

A continuación, recóllense as actividades para desenvolver nas horas de tutorías dos diferentes niveis, no presente curso escolar:

1º ESO			
MES	Nº sesións	ACTIVIDADE	MATERIAIS
SETEMBRO	3	ACOLLIDA, PRESENTACIÓN: ◆ Actividades de presentación. ◆ Calendario, horarios, profesores. ◆ Normas do centro e instalacións. ◆ Coñecemos as características da nova ETAPA de ESO. Coñecemos as normas de avaliación, promoción e titulación en ESO.	◆ Guión: xornada de acollida. ◆ Documento sobre avaliación na ESO.
OUTUBRO	4	COÑECEMENTO DO GRUPO: ○ Enquisa inicial de tutoría. ○ Actividade de motivación “empezando o curso”.	◆ Enquisa tutoría. ◆ Actividade: “empezando o curso”.
		ORGANIZACIÓN DO GRUPO: ○ Elaboración de normas do grupo. ○ Elección de delegado/a. ○ Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar).	◆ Actividade elaboración de normas. ◆ Actividade elección de delegado/a. ◆ Documento órganos de goberno
NOVEMBRO	4	ORGANIZAMOS O ESTUDO: ○ Cuestionario para auto-avaliar o estudo ○ O meu horario de estudo. O ambiente de estudo.	◆ Materiais de técnicas e hábitos de estudo.
		PREPARACIÓN DO 25N: ○ Actividade para previr a violencia de xénero.	◆ Actividade para previr a violencia de xénero. EQUIPO IGUALDADE.
DECEMBRO	3	CONVIVENCIA ○ Obradoiro de resolución de conflitos.	◆ Actividades de convivencia.
		PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. ○ Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.	◆ Enquisa e guión para o debate “Pre-avaliación”.

XANEIRO	3	AUTOESTIMA: Actividade sobre autoconceito, autoestima, ...	♦ Materiais de autoestima.
		USO AXEITADO DAS TIC	♦ Charlas do Plan Director.
		PREPARACIÓN DO 30 DE XANEIRO Actividade pola paz e non violencia escolar.	♦ Actividade proposta dende BENESTAR E CONVIVENCIA.
FEBREIRO	4	MES DAS EMOCIÓN: Actividades por determinar.	♦ Actividade proposta dende Medicación, Orientación e Dinamización Lingüística.
		PREPARACIÓN DO ENTROIDO	♦ Instrucións de vicedirección.
MARZO	3	PREPARACIÓN DO 8M: Actividade para celebrar o día da muller.	♦ Actividade sobre o día da muller. Actividade proposta polo equipo de IGUALDADE.
		PRE – AVALIACIÓN: - Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. - Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar	♦ Enquisa e guión para o debate.
ABRIL	4	TÉCNICAS DE ESTUDO Actividades para mellorar a organización e as técnicas de estudo.	♦ Actividades sobre técnicas de estudo
MAIO	4	POAP (PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL): - Actividade de autoconhecimento. - Coñecemos como é 2º curso de ESO. - Enquisa para a Pre-Matricula.	♦ Programa de orientación académica e profesional 1º ESO.
XUÑO	2	AVALIAMOS O CURSO E A TITORÍA.	♦ Enquisa de avaliación

2º ESO

MES	Nº sesións	ACTIVIDADE	MATERIAIS
SETEMBRO	3	ACOLLIDA, PRESENTACIÓN: ◆ Actividades de presentación. ◆ Calendario, horarios, profesores. ◆ Normas do centro. ◆ Coñecemento do Plan de adaptación COVID. ◆ Lembramos as normas de avaliación, promoción e titulación en ESO.	◆ Guión: xornada de acollida. ◆ Documento sobre avaliación na ESO.
OUTUBRO	4	COÑECEMENTO DO GRUPO: ○ Enquisa inicial de tutoría. ○ Actividade de motivación “empezando o curso”.	◆ Enquisa tutoría. ◆ Actividade: “empezando o curso”.
		ORGANIZACIÓN DO GRUPO: ○ Elaboración de normas do grupo. ○ Elección de delegado/a. ○ Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar).	◆ Actividade elaboración de normas. ◆ Actividade elección de delegado/a. ◆ Documento órganos de goberno
		ORGANIZAMOS O ESTUDO: ○ Cuestionario para auto-avaliar o estudo ○ O meu horario de estudo. O ambiente de estudo.	◆ Materiais de técnicas e hábitos de estudo.
NOVEMBRO	4	AUTOCONHECIMENTO: • Actividade “Eu son así”.	◆ Actividades de autoestima.
		PREPARACIÓN DO 25N: ○ Obradoiros de Igualadas “Así si” sobre educación afectivo-sexual con perspectiva de xénero .	◆ Actividade proposta polo equipo de CO-EDUCACIÓN.
DECEMBRO	3	COHESIÓN GRUPAL: ○ Actividades para continuar coa cohesión grupal, convivencia, ...	◆ Actividades de convivencia.
		PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. ○ Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.	◆ Enquisa e guión para o debate “Pre-avaliación”.
XANEIRO	3	APRENDEMOS A ESTUDAR: ○ Técnicas de estudo e produción escrita.	◆ Materiais de técnicas e hábitos de estudo.

		PREPARACIÓN DO 30 DE XANEIRO ○ Actividade pola paz e non violencia escolar.	♦ Actividade proposta dende BENESTAR E CONVIVENCIA.
FEBREIRO	4	MES DAS EMOCIÓN: ○ Actividades por determinar.	♦ Actividade proposta dende Medicación, Orientación e Dinamización Lingüística.
		PREPARACIÓN DO ENTROIDO	♦ Instrucións de vicedirección.
MARZO	3	PREPARACIÓN DO 8M: ○ Charla IGUALADAS.	♦ Actividade xestionada polo EQUIPO DE IGUALDADE.
		PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. ○ Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar	♦ Enquisa e guión para o debate.
ABRIL	4	PREPARACIÓN PROBAS DIAGNÓSTICAS	♦ Instrucións da XUNTA.
MAIO	4	POAP (PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL): ○ Tomar decisións. ○ Coñecemos como é 3º ESO. — Enquisa para a Pre-Matrícula.	♦ Programa de orientación académica e profesional 2º ESO.
XUÑO	2	AVALIAMOS O CURSO E A TITORÍA.	♦ Enquisa de avaliación

3º ESO			
MES	Nº sesións	ACTIVIDADE	MATERIAIS
SETEMBRO	3	ACOLLIDA, PRESENTACIÓN: ♦ Actividades de presentación. ♦ Calendario, horarios, profesores. ♦ Normas do centro. ♦ Coñecemento do Plan de adaptación COVID.	♦ Guión: xornada de acollida. ♦ Documento sobre avaliación na ESO.

		♦ Lembramos as normas de avaliación, promoción e titulación en ESO.	
OUTUBRO	4	COÑECEMENTO DO GRUPO: ○ Enquisa inicial de titoría. ○ Actividade de motivación “empezando o curso”.	♦ Enquisa titoría. ♦ Actividade: “empezando o curso”.
		ORGANIZACIÓN DO GRUPO: ○ Elaboración de normas do grupo. ○ Elección de delegado/a. ○ Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar).	♦ Actividade elaboración de normas. ♦ Actividade elección de delegado/a. ♦ Documento órganos de goberno
NOVEMBRO	4	ORGANIZAMOS O ESTUDO: ○ As condicións do estudo. ○ Estratexias de organización do estudo.. ○ Técnicas de estudo.	♦ Materiais de técnicas e hábitos de estudo
		PREPARACIÓN DO 25N: ○ Obradoiros de Quérote + sobre sexualidade e igualdade de xénero.	♦ Actividade proposta polo equipo de IGUALDADE.
DECEMBRO	2	COHESIÓN GRUPAL: ○ Actividades para continuar coa cohesión grupal, convivencia, ...	♦ Actividades de convivencia.
		PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. ○ Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.	♦ Enquisa e guión para o debate “Pre-avaliación”.
XANEIRO	3	APRENDEMOS A ESTUDAR: ○ Mellora da produción escrita e análise.	♦ Materiais de técnicas e hábitos de estudo.
		PREPARACIÓN DO 30 DE XANEIRO ○ Actividade pola paz e non violencia escolar.	♦ Actividade proposta dende BENESTAR E CONVIVENCIA.
FEBREIRO	3	MES DAS EMOCIÓNS: ○ Actividades por determinar.	♦ Actividade proposta dende Medicación, Orientación e Dinamización Lingüística.
		PREPARACIÓN DO ENTROIDO	♦ Instrucións de vicedirección.

MARZO	3	PREPARACIÓN DO 8M: ○ Actividade para celebrar o día da muller.	♦ Actividade sobre o día da muller. EQUIPO DE IGUALDADE.
		PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. ○ Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar	♦ Enquisa e guión para o debate.
ABRIL	4	AUTOCONHECEMENTO: • Os meus intereses e habilidades. • Toma de decisións.	♦ Actividades de autoestima.
		USO CRÍTICO DOS MEDIOS E DA PUBLICIDADE.	♦ Actividades de uso das TIC.
MAIO	4	POAP (PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL): ○ Coñecemento das profesións: ○ Coñecemos como é 4º ESO. — Enquisa para a Pre-Matricula.	♦ Programa de orientación académica e profesional 3º ESO.
XUÑO	2	AVALIAMOS O CURSO E A TITORÍA.	♦ Enquisa de avaliación

4º ESO			
MES	Nº sesións	ACTIVIDADE	MATERIAIS
SETEMBRO	3	ACOLLIDA, PRESENTACIÓN: ♦ Actividades de presentación. ♦ Calendario, horarios, profesores. ♦ Normas do centro. ♦ Coñecemento do Plan de adaptación COVID. ♦ Lembramos as normas de avaliación, promoción e titulación en ESO.	♦ Guión: xornada de acollida. ♦ Documento sobre avaliación na ESO.
OUTUBRO	4	COÑECEMENTO DO GRUPO: ○ Enquisa inicial de titoría. ○ Actividade de motivación “empezando o curso”.	♦ Enquisa titoría. ♦ Actividade: “empezando o curso”.
		ORGANIZACIÓN DO GRUPO: ○ Elaboración de normas do grupo. ○ Elección de delegado/a. ○ Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar).	♦ Actividade elaboración de normas. ♦ Actividade elección de delegado/a. ♦ Documento órganos de goberno

		ORGANIZAMOS O ESTUDO: ○ As condicións do estudo. ○ Estratexias de organización do estudo. ○ Lembramos o método de estudo eficaz.	◆ Materiais de técnicas e hábitos de estudo
NOVEMBRO	4	PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS.	◆ Obradorios da Asociación Érguete.
		PREPARACIÓN DO 25N: ○ Actividade para previr a violencia de xénero.	◆ Actividade para previr a violencia de xénero proposta polo equipo de IGUALDADE.
DECEMBRO	3	PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. ○ Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.	◆ Enquisa e guión para o debate “Pre-avaliación”.
XANEIRO	3	APRENDEMOS A ESTUDAR: ○ Actividades para mellorar a análise e o razoamento/interpretación.	◆ Materiais de técnicas e hábitos de estudo.
		PREPARACIÓN DO 30 DE XANEIRO Actividade pola paz e non violencia escolar.	◆ Actividade proposta dende BENESTAR E CONVIVENCIA.
FEBREIRO	4	MES DAS EMOCIÓNs: ○ Actividades por determinar.	◆ Actividade proposta dende Medicación, Orientación e Dinamización Lingüística.
		PREPARACIÓN DO ENTROIDO	◆ Instrucións de vicedirección.
MARZO	3	PREPARACIÓN DO 8M: ○ Charla “Masculinidades tóxicas”.	◆ Actividade sobre o día da muller. EQUIPO DE IGUALDADE.
		PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. ○ Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar	◆ Enquisa e guión para o debate.

ABRIL	4	CHARLAS DAS UNIVERSIDADES	♦ Charlas da UVigo e USC.
MAIO	4	POAP (PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL): ○ Coñecemento das profesións. ○ Tomar decisións. ○ Coñecemos como é FP, Bacharelato, etc.	♦ Programa de orientación académica e profesional 4º ESO.
XUÑO	2	AVALIAMOS O CURSO E A TITORÍA.	♦ Enquisa de avaliación

1º FP BÁSICA			
<i>MES</i>	<i>Nº sesións</i>	<i>ACTIVIDADE</i>	<i>MATERIAIS</i>
SETEMBRO	3	ACOLLIDA, PRESENTACIÓN: ♦ Actividades de presentación. ♦ Calendario, horarios, profesores. ♦ Normas do centro e instalacións. ♦ Coñecemento do Plan de adaptación COVID. ♦ Coñecemos as características da nova ETAPA de FP Básica. Coñecemos as normas de avaliación, promoción e titulación en FP Básica.	♦ Guión: xornada de acollida. ♦ Documento sobre avaliación na FP Básica.
OUTUBRO	4	COÑECEMENTO DO GRUPO: ○ Enquisa inicial de titoría. ○ Actividade de motivación “empezando o curso”.	♦ Enquisa titoría. ♦ Actividade: “empezando o curso”.
		ORGANIZACIÓN DO GRUPO: ○ Elaboración de normas do grupo. ○ Elección de delegado/a. ○ Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar).	♦ Actividade elaboración de normas. ♦ Actividade elección de delegado/a. ♦ Documento órganos de goberno
		ORGANIZAMOS O ESTUDO: ○ Cuestionario para auto-avaliar o estudo ○ O meu horario de estudo. O ambiente de estudo.	♦ Materiais de técnicas e hábitos de estudo
NOVEMBRO	4	PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS.	♦ Obradorios da Asociación Érguete.

		PREPARACIÓN DO 25N: Obradoiros de Quérote + sobre sexualidade e igualdade de xénero.	Actividade proposta polo equipo de IGUALDADE.
DECEMBRO	3	AUTOCOÑECEMENTO: O meu proxecto vital: onde estou e cara onde vou.	Actividades de autoestima.
		PRE – AVALIACIÓN: - Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. - Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.	Enquisa e guión para o debate “Pre-avaliación”.
XANEIRO	3	APRENDEMOS A ESTUDAR: Técnicas de estudo.	Materiais de técnicas e hábitos de estudo.
		PREPARACIÓN DO 30 DE XANEIRO Actividade pola paz e non violencia escolar.	Actividade proposta dende BENESTAR E CONVIVENCIA.
FEBREIRO	4	MES DAS EMOCIÓNS: Actividades por determinar.	Actividade proposta dende Medicación, Orientación e Dinamización Lingüística.
		PREPARACIÓN DO ENTROIDO	Instrucións de vicedirección.
MARZO	3	PREPARACIÓN DO 8M: Actividade para celebrar o día da muller.	Actividade sobre o día da muller.
		PRE – AVALIACIÓN: - Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. - Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar	Enquisa e guión para o debate.
ABRIL	4	CONVIVENCIA: Resolución de conflitos.	Actividades de convivencia e cohesión.
		DIVERSIDADE: Todos somos diferentes.	Actividades de convivencia e cohesión.
MAIO	4	POAP (PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL):	Programa de orientación académica e

		○ Coñecemento das profesións. ○ Tomar decisións. ○ Coñecemos como é FP, Bacharelato, etc.	profesional 1º FPB.
XUÑO	2	AVALIAMOS O CURSO E A TITORÍA.	♦ Enquisa de avaliación
2º FP BÁSICA			
MES	Nº sesións	ACTIVIDADE	MATERIAIS
SETEMBRO	3	ACOLLIDA, PRESENTACIÓN: ♦ Actividades de presentación. ♦ Calendario, horarios, profesores. ♦ Normas do centro e instalacións. ♦ Coñecemento do Plan de adaptación COVID. ♦ Recordamos as características da FP Básica. Coñecemos as normas de avaliación, promoción e titulación en FP Básica.	♦ Guión: xornada de acollida. ♦ Documento sobre avaliación na FP Básica.
OUTUBRO	4	COÑECEMENTO DO GRUPO: ○ Enquisa inicial de titoría. ○ Actividade de motivación “empezando o curso”.	♦ Enquisa titoría. ♦ Actividade: “empezando o curso”.
		ORGANIZACIÓN DO GRUPO: ○ Elaboración de normas do grupo. ○ Elección de delegado/a. ○ Órganos de goberno do IES (Xunta de delegados, Consello Escolar).	♦ Actividade elaboración de normas. ♦ Actividade elección de delegado/a. ♦ Documento órganos de goberno
		ORGANIZAMOS O ESTUDO: ○ Cuestionario para auto-avaliar o estudo ○ O meu horario de estudo. O ambiente de estudo.	♦ Materiais de técnicas e hábitos de estudo
NOVEMBRO	4	PREPARACIÓN DO 25N: ○ Actividade para previr a violencia de xénero.	♦ Actividade para previr a violencia de xénero.
DECEMBRO	3	PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. ○ Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar.	♦ Enquisa e guión para o debate “Pre-avaliación”.
XANEIRO	3	POAP (PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL): ○ Actividades de autoconñecemento (1 sesión). ○ Coñezo as miñas habilidades (1 sesión).	♦ Programa de orientación académica e profesional FP Básica.

		PREPARACIÓN DO 30 DE XANEIRO ○ Actividade pola paz e non violencia escolar.	♦ Actividade proposta dende BENESTAR E CONVIVENCIA.
FEBREIRO	4	MES DAS EMOCIÓN: ○ Actividades por determinar.	♦ Actividade proposta dende Medicación, Orientación e Dinamización Lingüística.
		PREPARACIÓN DO ENTROIDO	♦ Instrucións de vicedirección.
MARZO	3	PREPARACIÓN DO 8M: ○ Actividade para celebrar o día da muller.	♦ Actividade sobre o día da muller.
		PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa para reflexionar sobre os resultados do trimestre. ○ Debate. Adopto acordos e compromisos para mellorar	♦ Enquisa e guión para o debate.
		AVALIAMOS A TITORÍA.	♦ Enquisa de avaliación
ABRIL MAIO XUÑO		TITORÍAS DE SEGUIMENTO DA FCT.	

1º BACHARELATO		
TRIMESTRE	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
1º Trimestre	1. Facilitar a acollida e integración do alumnado no grupo e no centro. 2. Iniciar a creación dun clima positivo de comunicación e de convivencia dentro do grupo de alumnos e entre estes e o titor. 3. Dar a coñecer aos alumnos e aos pais as características distintivas da nova etapa educativa e da organización do centro. 4. Estimular a participación na vida do instituto:	1. PRESENTACIÓN: ○ Presentación do titor. ○ Calendario escolar, calendario de avaliacións. ○ Horario e profesorado do grupo. ○ Coñecemento dos espazos do centro para o alumnado novo. ○ Enquisa inicial. 2. INFORMACIÓN SOBRE AS CARACTERÍSTICAS DA ETAPA: ○ Ordenación da etapa: finalidades do bacharelato, obxectivos, metodoloxía,

	Xuntas de delegados, actividades extraescolares, etc., e fomentar a implicación dos alumnos no seu bo funcionamento. 5. Implicar aos pais no proceso educativo do seus fillos e favorecer a súa colaboración no centro. 6. Axudar aos alumnos a consolidar novos hábitos de traballo para adaptarse ós requirimentos das novas ensinanzas.	recomendacións para o estudo, etc. ○ Avaliación e reclamacións: sistema de avaliación, notas, promoción, titulación, posibilidades de permanencia e cambio de modalidade, reclamacións, etc. 3. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO: ○ Dereitos e Deberes dos alumnos. ○ Faltas de asistencia a clase. ○ Conductas contrarias ás normas de convivencia. 4. ELECCIÓN DO DELEGADO/A: ○ Determinar as responsabilidades do delegado e, se se considera conveniente, outras responsabilidades e normas dentro do grupo. ○ Elixir ó Delegado/a. 5. ESTUDO: ○ Ofrecer ó alumnado documentación e orientacións sobre técnicas de estudo. 6. REUNIÓN COLECTIVA DE PAIS/NAIS. 7. ENTREVISTAS INDIVIDUAIS CON ALUMNOS/ PAIS. 8. PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa e/ou debate de revisión do trimestre. ○ Preparación da xunta da 1ª avaliación. 9. POST- AVALIACIÓN: ○ Informar aos alumnos sobre os acordos tomados na sesión da avaliación. ○ Entrega de notas.
2º trimestre	1. Proporcionar orientación personalizada aos alumnos sobre as súas dificultades de aprendizaxe e posibilidades de mellora no rendemento académico. 2. Axudar aos alumnos a previr situacións de abandono e desmotivación. 3. Axudar aos alumnos a profundizar no autocoñecemento dos seus intereses profesionais.	1. POAP (PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL): ○ Actividades de Información académica: impartidas pola orientadora. ○ Charlas temáticas e/ou científico-divulgativas da Universidade. 2. ENTREVISTAS INDIVIDUAIS CON ALUMNOS/ PAIS. 3. PRE – AVALIACIÓN: ○ Enquisa e/ou debate de revisión do trimestre. ○ Preparación da xunta da 2ª avaliación. 4. POST- AVALIACIÓN: ○ Informar aos alumnos sobre os acordos tomados na sesión da avaliación. ○ Entrega de notas.
3º trimestre	1. Proporcionar información académica das opcións que se lle presentan ao rematar a etapa. 2. Proporcionar orientación aos alumnos sobre as optativas a escoller en 2º BAC. 3. Informar individualmente ao alumnado con poucas posibilidades de superar o curso sobre os itinerarios posibles ao rematar o mesmo.	1. POAP (PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL): ○ Actividades de Información académica: Os itinerarios de 2 de Bach. e o seu vínculo con estudos posteriores. ○ Actividade de Toma de decisións: Enquisa “elección do itinerario en 2o curso de bacharelato”. 2. ENTREVISTAS INDIVIDUAIS CON ALUMNOS/PAIS. 3. POST- AVALIACIÓN: ○ Entrega de notas.

2º BACHARELATO

TRIMESTRE	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES
1º Trimestre	- Facilitar a integración do novo alumnado no grupo (se o hai). - Iniciar a creación dun clima positivo de comunicación e de convivencia dentro do grupo de alumnos e entre estes e o titor. - Fomentar a participación do alumnado na vida do Instituto. - Dar a coñecer aos alumnos e aos pais as características distintivas do 2º curso. - Implicar aos pais no proceso educativo dos seus fillos e fomentar a súa colaboración.	1. PRESENTACIÓN: - Presentación do titor. - Calendario escolar, calendario de avaliacións. - Horario e profesorado do grupo. - Enquisa inicial do/a titor/a. - Lembrar os aspectos de interese para os alumnos sobre as normas de organización e funcionamento do centro: dereitos e deberes dos alumnos, faltas de asistencia a clase, conductas contrarias ás normas de convivencia, etc. 2. ELECCIÓN DO DELEGADO/A: - Determinar as responsabilidades do delegado e, se se considera conveniente, outras responsabilidades e normas dentro do grupo. - Elixir ó Delegado/a. 3. REUNIÓN COLECTIVA DE PAIS/NAIS. 4. ENTREVISTAS INDIVIDUAIS CON ALUMNOS/ PAIS. 5. PRE – AVALIACIÓN: - Enquisa e/ou debate de revisión do trimestre. - Preparación da xunta da 1ª avaliación. 9. POST- AVALIACIÓN: - Informar aos alumnos sobre os acordos tomados na sesión da avaliación. - Entrega de notas.
2º trimestre	- Proporcionar orientación personalizada aos alumnos sobre as súas dificultades de aprendizaxe e posibilidades de mellora no rendemento académico. - Axudar aos alumnos a previr situacións de abandono e desmotivación. - Axudar aos alumnos a profundizar no autocoñecemento dos seus intereses profesionais.	1. POAP (PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL): - Actividades de Información académica: impartidas pola orientadora. - Charla sobre a ABAU impartida pola da Universidade/CIUG. 2. ENTREVISTAS INDIVIDUAIS CON ALUMNOS/ PAIS. 3. PRE – AVALIACIÓN: - Enquisa e/ou debate de revisión do trimestre. - Preparación da xunta da 2ª avaliación. 4. POST- AVALIACIÓN: - Informar aos alumnos sobre os acordos tomados na sesión da avaliación. - Entrega de notas.
3º trimestre	- Continuar coas as actividades de información académica. - Proporcionar orientación específica aos alumnos sobre as opcións ó rematar o curso.	1. POAP (PROGRAMA DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL): Actividades de Información sobre Normas específicas e desenvolvemento ABAU, normas de preinscripción e matrícula en estudos posteriores, bolsas de estudo e residencias.

	3. Informar aos pais dos alumnos con poucas posibilidades de superar o curso sobre os itinerarios posibles ao rematar o mesmo.	2. ENTREVISTAS INDIVIDUAIS CON ALUMNOS/PAIS. 3. POST- AVALIACIÓN: o Entrega de notas.
--	--	--

CICLOS MEDIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
MES	DÍAS	ACTIVIDADES
AO LONGO DO CURSO		Tarefas do profesorado-titor de ciclos ao longo do curso: 1. Control de faltas e comunicación aos pais ou titores legais segundo a lexislación vixente, no caso do alumnado menor de idade. 2. Trasladar a quen compete todas as baixas, renuncias, validacións, exencións e perda de avaliación continua que se produzan no seu grupo de alumnado. 3. Fomentar a participación do alumnado nas actividades do centro. 4. Encauzar as demandas e inquietudes do alumnado e mediar en colaboración co delegado/a e subdelegado/a do grupo ante o equipo docente e o equipo directivo nos problemas que se susciten. 5. Recoller e archivar todas as xustificacións das faltas de asistencia que lle entreguen ao alumnado cos seus respectivos documentos. 6. Manter co alumnado do grupo as entrevistas que sexan precisas, por decisión propia ou a petición destes. 7. Trasmitir ao grupo as informacións e peticións que solicite a dirección do centro. 8. Coordinar as actividades complementarias e extraescolares a programadas durante o curso. 9. Convocar e presidir as reunións extraordinarias de ciclo que se consideren. 10. As tarefas referidas á FCT e ao módulo de PROXECTO están recollidas no documento "Funcións específicas da tutoría".
SETEMBRO	PRIMEIRO DÍA	- o Recepción na aula: Entrega do horario no grupo, listado de profesores, información xeral (normas básicas de convivencia, dereitos e deberes, regulamentos, xustificación de faltas de asistencia, trámites,...). - o Informar da normativa en canto a perda de avaliación continua, anulacións, baixas e renuncias de matrícula, aspectos xerais da avaliación, matrícula de honra (Orde do 12 de xullo de 2011 e Resolución do 4 de agosto de 2020). - o Comprobación e corrección dos datos personais do alumnado e tomar aqueles que resulten necesarios para a avaliación inicial. - o Co alumnado de nova incorporación: efectuar unha visita guiada polas instalacións.
	2º SEMANA	Pasar o Cuestionario Inicial do alumnado para tutoría (necesario para a avaliación inicial).
	3º SEMANA	Coordinar a reunión do equipo docente de avaliación inicial do grupo: • O titor/a pode facer unha breve exposición do perfil do grupo, cos datos obtidos no Cuestionario Inicial. • Adaptar coas debidas xustificacións as programacións ás necesidades educativas do alumnado que forme o seu grupo. • Informarase nesta reunión de si existe alumnado con discapacidades ou necesidades educativas especiais (NEE).

		- No caso de alumnado con discapacidade informárase das orientacións descritas no informe que realizou o Departamento de Orientación para a súa escolarización. - No caso de determinarse, nesa reunión, algunha necesidade específica, o profesorado titor solicitará, previo acordo do equipo docente, e segundo os trámites legais establecidos, o apoio educativo e as flexibilizacións modulares necesarias para o seguimento formativo do alumnado con NEE. (Orde do 12 de xullo de 2011) - No caso de detectar no grupo alumnado de altas capacidades, programar para eles, xunto co equipo docente, actividades de ampliación adecuadas ás súas capacidades. En ningún caso estas actividades poden ser obrigatorias nin avaliables.
OUTUBRO	1ª QUINCENA	- Presidir a elección de delegado/a do grupo e entrega da acta de elección na xefatura de estudos. Posteriormente informará ao delegado/a e subdelegado/a das súas funcións e lle facilitará información sobre a xunta de delegados. - Atender ao novo alumnado que se incorpore procedente das listaxes de espera. - Facilitar ó alumnado documentación e recursos sobre técnicas de estudo (facilitadas polo departamento de orientación).
	2ª QUINCENA	Facer seguimento da programación e seguimento do grupo: - Facer o seguimento das programacións de cada módulo, con indicación do grao de cumprimento con respecto á programación, e -en caso de desviacións- reflexar a xustificación razoada. - Valorar o progreso do grupo e, no caso do alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptará xunto co equipo docente as oportunas medidas de reforzo educativo.
NOVEMBRO	2ª QUINCENA	Avaliación do trimestre co alumnado mediante a enquisa/debate de pre-avaliación facilitada polo Departamento de Orientación ou Xefatura de Estudos.
DECEMBRO	SEGUNDO O CALENDARIO ESTABLECIDO	Presidir a reunión da 1ª avaliación e realizar as seguintes funcións: - Revisar que as cualificacións estean correctamente cubertas previamente á sesión de avaliación. - Levar ás sesións de avaliación o borrador da acta de avaliación coas cualificacións do alumnado. - Coordinar as informacións que o profesorado posúe do alumnado do grupo e dar información dispoñible sobre as características académicas ou persoais -con incidencia educativa- de cantos alumnos/as o compoñen. - Recoller en acta os acordos que adopte o equipo docente na sesión de avaliación. - Comprobar que está debidamente cumprimentada a acta de avaliación coas cualificacións e que está asinada por todo o profesorado do grupo correspondente. - Entregar en secretaría a acta de asistencia da sesión de avaliación. - Asinar e entregar os boletíns coas cualificacións ao alumnado do grupo así como transmitirlle, de forma global ou particular segundo o caso, os acordos ou peticións do equipo docente do ciclo.
XANEIRO FEBREIRO		Facer seguimento da programación e seguimento do grupo.
MARZO	1ª QUINCENA	Avaliación do trimestre co alumnado mediante a enquisa/debate de pre-avaliación facilitada polo Departamento de Orientación ou Xefatura de Estudos.
	SEGUNDO O CALENDARIO ESTABLECIDO	Presidir a reunión da 2ª avaliación e realizar as seguintes funcións: - Revisar que as cualificacións estean correctamente cubertas previamente á sesión de avaliación. - Levar ás sesións de avaliación o borrador da acta de avaliación coas cualificacións do alumnado. - Coordinar as informacións que o profesorado posúe do alumnado do grupo e dar información dispoñible sobre as características académicas ou persoais -con incidencia educativa- de cantos alumnos/as o compoñen.

		• Recoller en acta os acordos que adopte o equipo docente na sesión de avaliación. • Comprobar que está debidamente cumprimentada a acta de avaliación coas cualificacións e que está asinada por todo o profesorado do grupo correspondente. • Entregar en secretaría a acta de asistencia da sesión de avaliación. • Asinar e entregar os boletíns coas cualificacións ao alumnado do grupo así como transmitirlle, de forma global ou particular segundo o caso, os acordos ou peticións do equipo docente do ciclo.
ABRIL MAIO		Facer seguimento da programación e seguimento do grupo.
XUÑO		Presidir a reunión da 1ª avaliación e realizar as seguintes funcións: • Revisar que as cualificacións estean correctamente cubertas previamente á sesión de avaliación. • Levar ás sesións de avaliación o borrador da acta de avaliación coas cualificacións do alumnado. • Coordinar as informacións que o profesorado posúe do alumnado do grupo e dar información dispoñible sobre as características académicas ou persoais -con incidencia educativa- de cantos alumnos/as o compoñen. • Recoller en acta os acordos que adopte o equipo docente na sesión de avaliación. • Comprobar que está debidamente cumprimentada a acta de avaliación coas cualificacións e que está asinada por todo o profesorado do grupo correspondente. • Entregar en secretaría a acta de asistencia da sesión de avaliación. • Entregar en secretaría os informes individualizados -para o alumnado que promociona- para adxuntar ao expediente e dar unha copia ao alumnado correspondente. • Asinar e entregar os boletíns coas cualificacións ao alumnado do grupo. • Orientar ao alumnado que o solicite sobre as reclamacións ás cualificacións finais (Orde do 12 de xullo de 2011). Realizar a Memoria final do ciclo, que incluírá as Memorias finais de módulo correspondentes ao equipo docente da súa titoría, e entregar en prazo e forma á xefatura do departamento. (Orde do 12 de xullo de 2011)

8. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A avaliación das sesións realízaa o profesorado-titor co seu grupo de alumnos/as. Ao final de cada sesión, o profesorado-titor recollerá a información que recibe dos alumnos/as para anotala no seu rexistro de actividades, así como a súa propia opinión. Especialmente, **realizarase de maneira máis exhaustiva naquelas sesións que son impartidas por profesionais ou organismos externos** ao centro.

Ao longo do curso, o equipo de titores de cada nivel realizará o seguimento do desenvolvemento da concreción anual do PAT. Os momentos da avaliación serán:

- Avaliación inicial: para detectar necesidades.
- Avaliación continua ou formativa: levada a cabo polo profesorado-titor e o Departamento de Orientación durante a posta en marcha das actividades coa finalidade de modificar no proceso aquelas que resulten inadecuadas.
- Avaliación sumativa e final: ao final do proceso farase unha avaliación por parte de todos os participantes (familias, profesorado, alumnado, Orientación e Equipo Directivo) sobre aqueles aspectos que funcionaron ben, as dificultades atopadas, e aqueles aspectos que serán necesarios modificar. A evolución nos distintos momentos levarase a cabo nas reunións da CCP, reunións de titores, etc.

Ao finalizar o curso escolar, recolleranse os resultados e conclusións desta avaliación do PAT nunha memoria final, cuxa elaboración será responsabilidade do Departamento de Orientación.

As conclusións obtidas da avaliación serán tidas en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no curso seguinte.

Para realizar as avaliacións anteriormente indicadas, teranse en conta os seguintes criterios:

1. Grao de consecución de obxectivos e relevancia dos contidos.
2. Adecuación das actividades para lograr as competencias clave e desenvolvemento das mesmas.

3. Adecuación e utilidade dos materiais de tutoría seleccionados, así como o interese que despertaron entre os alumnos/as.
4. Grao de coordinación entre o profesorado-titor e o resto do equipo educativo de cada grupo e de implicación do equipo docente.
5. Grao de coordinación do profesorado-titor entre si e deste coa xefatura de estudos e o departamento de orientación.
6. Contribución das actuacións desenvolvidas á mellora das relacións entre o centro e as familias.
7. Pertinencia das accións realizadas nos distintos ámbitos.

Tomiño, 30 de setembro de 2025.